

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 14

SESION EXTRAORDINARIA DO 24 DE XULLO DE 2019

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Abelairas Rodríguez Isaura
Aguiar Castro Yolanda
Aneiros Pereira Jaime
Caride Estévez María José
Espinosa Mangana Elena
Fernández Pérez José Manuel
Gomez Días Gorka
Iglesias González Ana Laura
Lago Barreiro M.^a del Carmen
López Font Carlos
Losada Alvarez Abel Fermín
Mejías Sacaluga Ana Maria
Pardo Espiñeira Francisco Javier
Rivas González Ángel
Rodríguez Calviño Patricia
Rodríguez Díaz Santos Héctor
Rodríguez Rodríguez Nuria
Silva Rego M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO
POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Gonzalez Castillo, Jesus Marco
Lopez Roman, Patricia
Marnotes González, Jose Alfonso

POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Mendez Fuentes Oriana
Pérez Correa Ruben

MEMBRO NON ADSCRITO

Pérez Igrexas Xabier

NON ASISTEN:

Caballero Álvarez Abel (Alcalde-Presidente do grupo municipal Socialista)
Blanco Iglesias Eugenia Dolores (concelleira do grupo municipal Socialista)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e nove minutos do día vinte e catro de xullo do ano dous mil dezanove, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, por ausencia preside a 1^a Tenente de Alcalde, D^ª Carmela Silva Rego, e

asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días Gorka, Gonzalez Castillo, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, López Roman, Losada Alvarez, Marnotes González, Mejías Sacaluga, Mendez Fuentes, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Pérez Igrexas, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz e Rodríguez Rodríguez, actuando como Secretaria Xeral Accidental do Pleno que asina D^a Susana Gallardo Fariña, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, por ausencia, dona Olga Gomez Corbal.

PRESIDENCIA: Pleno extraordinario e atendendo ás indicacións da secretaria do Pleno, lles informo que os tempos para o debate van a ser 10 minutos, que comezará a exposición a responsable da área de Urbanismo, a Sra. Caride, posteriormente terán dez minutos para fixar a súa posición os grupos municipais, o grupo Popular, o grupo Mixto e tres minutos o representante o Sr. Pérez Iglesias, como concelleiro non adscrito e finalmente tamén dez minutos o grupo Socialista e finalmente pechará a intervención a Sra. Caride con 5 minutos, así que, si lles parece damos inicio a este Pleno extraordinario coa exposición da Sra. Caride.

UNICO (88).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO INSTRUMENTO DE MEDIDAS PROVISIONAIS DE ORDENACIÓN PREVISTO NO ARTIGO 88 DA LEI 2/2017, DO 8 DE FEBREIRO, DE MEDIDAS FISCAIS, ADMINISTRATIVAS E DE ORDENACIÓN. EXPTE. 16022/411 (REXISTRO PLENO 2080/1101).

ANTECEDENTES: En data 17.07.2019, a secretaria xeral accidental do Pleno e da Xerencia Municipal de Urbanismo, emite o seguinte informe proposta,

“Este informe emítase conforme o disposto no artigo 3. 3.c) do Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réximen local (LRBRL).
- [Real Decreto Lexislativo 781/1986](#), do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 2/2017, de 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e regulamento de desenvolvemento.
- Lei 39/2015, do 2 de outubro, de procedemento administrativo común (LPAC)

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- En data 21.04.2017 por Resolución da Concelleira de Urbanismo e Vicepresidenta da Xerencia Municipal acórdase a tramitación do estudo das medidas provisionais de ordenación segundo o artigo 88 da Lei 2/2017, de 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación elaborado polos técnicos municipais

2.- En data 20.06.2017 a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do territorio remitiu informe urbanístico e ambiental respecto ao documento.

- O informe urbanístico conclúe que o documento Estudo das Medidas provisionais do documento se axusta ao establecido na lei, agás no ámbito “ A-5-71 Metalurxía>> que carece do requisito legalmente establecido canto á esixencia de contar con instrumento de equidistribución aprobado definitivamente acordo ao PXOM

- E o informe ambiental sinala que o ámbito A-3-23 Fenosa-balaídos presenta condicionantes ambientais que determinarían a necesidade de sometemento ao procedemento ambiental estratéxica ordinario polo que debería excluírse da Ordenación provisional proposta

5.- En data 26.07.2017, logo do ditame do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 26.06.2017, o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo:

<< Primeiro: Aprobar o Estudo das Medidas Provisionais de Ordenación previsto no artigo 88 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de Medidas fiscais, administrativas e de ordenación, que inclúe o documento nomeado “Estudo da Situación derivada da anulación do PXOM de Vigo pola Sentenza do Tribunal Supremo de data 10.11.2015 no Recurso de Casación Nº 11658/2014” de data abril de 2017 e o seu complemento nomeado “Complemento do Estudo previo de Ordenación provisional” de data maio de 2017, elaborado polos técnicos da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo, dos que se xunta dúas copias en formato papel e en soporte dixital.

Segundo: Incorporar ao presente expediente os informes urbanístico e ambiental subscritos pola Directora Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático e pola Directora xeral de ordenación do Territorio e Urbanismo en data 14 e 15 de xuño de 2017 respectivamente, facendo constar expresamente, o seu carácter favorable a ordenación proposta, no que se inclúen unha serie de consideracións e condicionantes, no senso indicado no corpo da presente proposta, que serán tidas en conta na solicitude de inicio de avaliación ambiental estratéxica simplificada, á que se acompañará o borrador das ordenacións provisionais e o documento ambiental estratéxico, co contido establecido na lexislación vixente.>>

6.- En data 04.08.2017 por Resolución da Concelleira e Vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo solicitouse o inicio do procedemento de avaliación estratéxica simplificada ao órgano ambiental.

7.- En data 20.10.2017 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático remite resolución pola que se resolve non someter ao procedemento de avaliación estratéxica ordinaria o Instrumento de ordenación provisional do Concello ao considerar que non se producirán efectos significativos no ambiente achegando xunto coa mesma copia de comentarios e copias de informes do Ministerio de Fomento en materia de infraestruturas e estradas, instituto de Estudos do territorio, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Axencia Galega de Infraestruturas, Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, Asociación Ecoloxista Verdegaiá, A terra non se vende-Salvemos Monteferro- A ría non se vende e particulares.

8.- Con carácter previo a aprobación inicial do documento achegáronse os seguintes informes:

- Informe da Dirección Xeral de Ordenación do territorio e Urbanismo en materia de costas de data 8.01.2018.
- Informe da Dirección Xeral de Aviación Civil de data 31.01.2018 e posterior informe favorable de data 30.05.2018.
- Informe da Dirección General de Sostenibilidade de la Costa y del Mar de fecha 28.03.2018 e posterior 23.05.2018 no que sinala que a delimitación incorporada no instrumento de ordenación provisional de Vigo informado pola Dirección General de Sostibilidade de la Costa y el M4ar en data 28.03.2018, se atopa recollido correctamente en dita zona, tanto o deslinde do dominio público marítimo-terrestre como a servidume de protección de ditos terreos.
- Informe de data 18.06.2018 da Dirección General de Carreteras
- En materia de ferrocarrís consta copia informe setembro 2017 en solicitude de informe sobre avaliación estratéxica simplificada do IOP:

9.- En data 10.07.2018 deuse conta ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo a proposta de aprobación inicial do instrumento de ordenación provisional elaborado polos servizos técnicos municipais e logo do sometemento a Xunta de Goberno Local en sesión de data 12.06.2018 e ditame dado Consello da Xerencia da mesma data, o Peno da Corporación en data 18.07.2018 adoptou o seguinte acordo:

“ PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o instrumento de medidas de ordenación tramitado no expediente 16022/411, elaborado polos servizos técnicos municipais e asinado electronicamente en xuño de 2018, nomeado V4. Documento para aprobación inicial.

SEGUNDO: Someter o instrumento inicialmente aprobado a información pública polo prazo de vinte días, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia, nun dos xornais de maior difusión na provincia, no Portal de Transparencia e na sede electrónica municipal. Así mesmo, notificarase individualmente a todas as persoas titulares catastrais de terreos afectados. Durante o mesmo tempo no que se realiza o trámite de información pública, solicitaranse das administracións públicas competentes os informes sectoriais e as consultas que resulten preceptivos. Os informes sectoriais autonómicos deberán ser emitidos no prazo máximo dun mes, transcorrido o que se entenderán emitidos con carácter favorable.

TERCEIRO: Declarar a suspensión, polo prazo máximo de dous anos, do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelamento, edificación e demolición nos ámbitos do territorio nos que as novas determinacións supuxesen a modificación da ordenación urbanística vixente, nos termos previstos na lexislación vixente e de acordo co reflectido no resumo executivo incorporado ao instrumento de ordenación provisional inicialmente aprobado. Esta suspensión levantarse, en todo caso, unha vez aprobado definitivamente o dito instrumento.”

10.- O expediente someteuse a período de exposición ao público por un prazo de vinte días mediante inserción de anuncio no DOG núm. 176 de data 14.09.2018 e diario de Faro de Vigo de data 24.08.2018. Asemade no expediente constan notificación individuais practicadas e notificación edictal (anuncio publicado no BOE núm. 54 de data 4.03.2019 e núm. 68 de data 20.03.2019)

11.- Segundo certificado de da Secretaría da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 26.04.2019 presentáronse 428 alegacións.

12.- No expediente constan os seguintes informes sectoriais

- Informe sectorial en materia de paisaxe de data 25.09.2018
- Informe sectorial en materia de costas da Dirección xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de data 27.09.2018.
- Informe favorable de adecuación do IOP aos criterios, principios e normas do POL
- Informe da Dirección xeral de Patrimonio Cultural de data 27.09.2018 favorable condicionado a realización das correccións sinaladas no mesmo.
- Informe da Consellería do Mar en materia de Portos de data 27.09.2018 e posterior informe de data 12.03.2019 trala presentación de escrito e rectificacións de data 21.01.2019.
- Informe da Dirección General de Telecomunicaciones y Tecnologías de la información de data 3.10.2018 e posterior informe favorable de data 13.11.2018
- Oficio da Dirección General de Carreteras do Ministerio de Fomento que se remite ao informe emitido en data 18.06.2018.
- Informe da Deputación Provincial de Pontevedra en materia de estradas de data 28.10.2018.

- Informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de data 2.04.2019 no que sinala que non concorre no ámbito APR-A-5-71 METALURXIA o requisito esixido no artigo 92 da lei 2/2017, do 8 de febreiro.

13.- Informe da arquitecta municipal da XMU de data 07.05.2019.

14.- Informe proposta do Xerente da XMU de data 07.05.2019

16.- Informe da arquitecta municipal sobre as modificacións introducidas na documentación para a aprobación definitiva do instrumento de ordenación provisional, derivadas do Informe da Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y el Mar de data 09.05.2019

15.- Ditame favorable do Consello da Xerencia de Urbanismo do informe de alegacións e o instrumento de medidas de ordenación tramitado no expediente 16022-411 elaborados polos servizos municipais e asinado electronicamente en data 26.04.2019.

16.- Informe favorable da Dirección Xeral de ordenación do territorio e Urbanismo de data 31.05.2019 en materia de Costas

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMERO.- Por parte dos técnicos municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo redactouse o Instrumento de Ordenación Provisional (IOP) no exercicio das competencias municipais propias en materia de planeamento urbanístico segundo o disposto no artigo 25.2.a da LRBR en relación co artigo 12 da LSG.

As medidas provisionais de ordenación urbanística serán de aplicación, segundo dispón o artigo 84 da LMFAO naqueles supostos nos que a declaración de nulidade dun instrumento de planificación urbanística por unha sentenza firme (neste caso, o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo PXOM 2018) supoña que recobre a vixencia un instrumento de planificación anterior (neste caso, o PGOU 93) que non responda á realidade urbanística existente no termo municipal e ao efecto require que o Concello inicie a tramitación dun novo instrumento de planificación ou procedemento de contratación dos servizos técnicos e xurídicos necesarios para súa redacción (consta formalización do contrato de contratación da redacción dun novo plan xeral de ordenación municipal en data 7.11.2018 expte 10681-407)

A finalidade deste instrumento tal e como sinala o preámbulo da lei ten por obxecto *<<dotar de certeza e seguridade xurídica a cidadanía e os distintos operadores no eido urbanístico, sen prexuízo do máis absoluto respecto ás resolucións xudiciais. Ante o baleiro legal existente, procede acometer a regulación da forma de actuar nos casos en que, tras a declaración de nulidade do planeamento urbanístico, «reviva» un planeamento anterior que non responde nin ao actual modelo de cidade nin ás necesidades urbanísticas existentes, e cuxa aplicación resulta incompatible co logro dos obxectivos de benestar socioeconómico que deben impulsar as actuacións públicas. E impulsar o desenvolvemento urbanístico, habilitando para o efecto a tramitación ad hoc, no caso de anulación do instrumento de ordenación ou da normativa de ordenación provisional, dun procedemento no que, sen*

eludir as sentenzas recaídas, poida ordenarse a correspondente tramitación procedemental de xeito eficiente,e acortando na medida os prazos previstos.>>

Concretamente o Tribunal Supremo en sentenza de data 10-11.2015 ditada en recurso de casación Num.: 1658/20141 estimou o recurso contencioso-administrativo interposto pola Asociación Alternativa Veciñal de Vigo e declarou a nulidade da Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte da Xunta de Galicia, de data 16 de maio de 2008, pola que se aproba definitiva e parcialmente o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo e contra a Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, de data 13 de xullo de 2009, pola que se aproba definitivamente o documento de cumprimento da citada Orde en canto as cuestións que na mesma quedaron en suspenso. Como consecuencia de dita anulación e conforme a xurisprudencia e (STS 22.01.2006, STS 2.03.2016 entre outras) a anulación xudicial de todo o plan comporta que recobre a súa vixencia a ordenación urbanística preexistente (Neste caso o PGOU 1993 aprobado polo Consello da Xunta de Galicia en data 29.04.1993)

O PGOU de 1993 constitúe un documento de adaptación do PGOU de 1988 á Lei 11/1995, do 22 de agosto, de adaptación do solo de Galicia (LASGA) polo que tal e como determina a memoria informativa e e xustificativa do IOP non se adecúa á lexislación urbanística vixente (TRLR, LSG e regulamento de desenvolvemento) nin as determinacións das normas sectoriais en materia de costas, augas, Portos, Aeroporto, sector ferroviario, estradas, paisaxe, protección da natureza e patrimonio natural e ordenación do territorio (DOT) polo que a tramitación do IOP responde a finalidade e espírito que recolle a LMFAO (artigo 84).

SEGUNDO.- O IOP de data da sinatura 26.04.2019 comprende a seguinte documentación

PARTE 1. MEMORIA INFORMATIVA

1. OBXECTO

2. ANTECEDENTES

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DERIVADA DA ANULACIÓN DO PXOM 2008. SITUACIÓN ACTUAL

4. ÁMBITO DA ORDENACIÓN PROVISIONAL

4.1. DELIMITACIÓN DO ÁMBITO

PARTE 2. MEMORIA XUSTIFICATIVA

5. MARCO LEGAL DA ORDENACIÓN PROVISIONAL PROPOSTA

6. XUSTIFICACIÓN DO RESPECTO ÁS SENTENZAS FIRMES QUE DECLARAN A NULIDADE DO PXOM DE VIGO DE 2008 (ART. 84.2 DA LMFAO)

7. XUSTIFICACIÓN DA PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL (ART.86 LMFAO)

8. XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DO PROCEDIMENTO PREVISTO NA LMFAO (ART. 87 LMFAO)

9. XUSTIFICACIÓN DO CONTIDO E VIXENCIA DA ORDENACIÓN PROVISIONAL. (ART. 90 LMFAO)

10. CONTIDO DOCUMENTAL DO INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL

ANEXOS

ANEXO 1. NORMATIVA URBANÍSTICA DA ORDENACIÓN PROVISIONAL

ANEXO 2. ORDENANZA 16: AOPS:

ANEXO 3. SUNC AODS

ANEXO 4. DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATEXICO (DAE)

ANEXO 5. DOCUMENTAL

ANEXO 6. INFORME DE ALEGACIÓNS

- . DOCUMENTACION GRÁFICA

SERIE 0: CLASIFICACIÓN DO SOLO - SERVIDUMES AERONÁUTICAS (19 FOLLAS A1_PERS.) ESCALA 1/10.000

SERIE 1: CLASIFICACIÓN DO SOLO (17 FOLLAS DIN A1) ESCALA 1/5.000

SERIE 2: ORDENACIÓN ESCALA 1/ 2.000

- SERIE 2-A. ORDENACIÓN PORMENORIZADA SOBRE A CARTOGRAFÍA (244 FOLLAS DIN A-3)

- *SERIE 2-B. ORDENACIÓN PORMENORIZADA E O PXOU 1993 (244 FOLLAS DIN a-3)*

O ámbito da ordenación provisional esténdese tal e como sinala o apartado 4 da memoria informativa e xustificativa e informe da arquitecta municipal de data 7.05.2019 << ao solo clasificado como urbano consolidado no PXOM 2008, dous ámbito considerado de interese xeral polo seu carácter dotacional (aeroporto de Peinador e porto de Canido) e de dous ámbitos de solo urbano non consolidado cuxa incorporación considerouse factible en atención ao seu grao de desenvolvemento urbanístico. A ordenación proposta recupera ordenación recollida no PXOM 2008 (declarado nulo na sentenza do TS de data 10.11.2015, recaída no recurso de casación núm. 1658/2014), sen introducir mais modificacións que as derivadas dos informes sectoriais.>>

O IOP non se aplica a solo clasificado como rústico nin como núcleo rural nin abarca ningún ámbito que deba someterse á avaliación ambiental estratéxica conforme o sinalado na resolución da Dirección Xeral de calidade Ambiental e Cambio Climático de data 20.10.2017.

Neste senso, consta informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de data 15.06.2017 no que se conclúe que o Estudo das medidas provisionais de ordenación se axusta ao establecido na Lei de xeito que o instrumento se axusta ao establecido no artigo 92 da LMFAO agás o ámbito A-5-71 Metalurxia que foi excluído do presente instrumento.

Asemade no apartado sexto da memoria informativa e xustificativa do IOP se xustifica o respecto ás sentenzas que declaran a nulidade do PGOM de Vigo 2008 tal e como determina o artigo 84 dous da LMFAO)

TERCEIRO.- Respecto o procedemento de aprobación deste instrumento de planificación urbanística cabe sinalar que con carácter previo a aprobación inicial das IOP e consonte o artigo 88 da LMFAO o Concello a través dos servizos técnicos da XMU realizou un estudo específico da ordenación provisional e recabou os informe urbanísticos e ambiental

Asemade conforme o artigo 93 da LMFAO consta no expediente resolución do órgano ambiental de non sometemento do IOP a procedemento de avaliación ambiental estratéxica, aprobación inicial por parte do pleno da Corporación por maioría absoluta do número legal de membros, certificado de exposición pública do IOP e alegacións presentadas xunto coas notificación individual e edital.

Respecto aos de informes sectoriais o artigo 93 da LMFAO apartado segundo determina << *Durante o mesmo tempo no que se realiza o trámite de información pública, a Administración municipal deberá solicitar das administracións públicas competentes os informes sectoriais e as consultas que resulten preceptivos. Os informes sectoriais autonómicos deberán ser emitidos no prazo máximo dun mes, transcorrido o cal entenderanse emitidos con carácter favorable.*

Se a ordenación provisional prevista foi xa obxecto dos indicados informes con anterioridade, admitirase a reprodución ou confirmación dos criterios contidos nos informes emitidos no seu día polos órganos informantes, sen prexuízo das cuestións que se poidan engadir á vista de novas circunstancias ou da aprobación de normativa posterior.>>

Neste senso consta no expediente os informes sectoriais relacionados no apartado 12 dos antecedentes de feito deste informe proposta en senso favorable a ordenación proposta.

Non obstante cabe sinalar as seguintes observacións.

En materia de patrimonio o artigo 86 da Lei 2/2017 determina << *Para os efectos da protección do patrimonio cultural e da aplicación da Lei do patrimonio cultural de Galicia, a simple declaración de nulidade do instrumento de ordenación urbanístico non implicará a perda da condición de bens declarados de interese cultural ou de bens catalogados dos bens incluídos no catálogo do instrumento de ordenación anulado, sendo de aplicación en todo caso o réxime derivado da lexislación indicada.>>* A estes efectos consta informe favorable da Dirección xeral de Patrimonio Cultural data 27.09.2018 condicionado a realización das correccións sinaladas no mesmo respecto das cales realízanse as correccións e xustificación pertinentes no apartado 9.9 da memoria xustificativa do IOP.

Asemade no expediente logo da solicitude de informe a Autoridade Portuaria en data 22.08.2018, solicitude de Dirección Xeral de Ordenación forestal en data 21.08.2018, Augas de Galicia en data 21.08.2018 e informe da Axencia Galega de Infraestruturas en data 21.08.2018 non consta a emisión de ditos informes.

En materia de costas e conforme o artigo 117 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas consta no expediente informe previo á aprobación inicial e informe previo a aprobación definitiva en materia de costas da Dirección xeral de ordenación do territorio e urbanismo e

informe previo á aprobación inicial da Dirección General de Sostenibilidade de la Costa y el Mar. Neste senso Concello de Vigo mediante escrito presentado no rexistro xeral da Dirección General de Sostenibilidade de la Costa y el Mar en data 10.05.2019 solicitou a emisión de informe segundo o disposto no artigo 222.7 do RXC sen que conste no expediente a emisión de dito informe.

Concretamente o artigo 117.2 da Lei de Costas dispón <<2. *Concluida la tramitación del plan o normas de que se trate e inmediatamente antes de la aprobación definitiva, la Administración competente dará traslado a la del Estado del contenido de aquél para que en el plazo de dos meses se pronuncie sobre el mismo. En caso de que el informe no sea favorable en aspectos de su competencia, se abrirá un período de consultas, a fin de llegar a un acuerdo. Si, como resultado de este acuerdo, se modificara sustancialmente el contenido del plan o normas, deberá someterse nuevamente a información pública y audiencia de los Organismos que hubieran intervenido preceptivamente en la elaboración.*>> No mesmo senso o artigo 227.2 do Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas (RXC)

O artigo 80 da LPAC determina que, *salvo disposición expresa en contrario, os informes serán facultativos e non vinculantes e conforme o apartado catro de dito artigo sinala << Se o informe debe ser emitido por unha Administración pública distinta da que tramita o procedemento co obxecto de expresar o punto de vista correspondente ás súas competencias respectivas, e transcorre o prazo sen que aquel se emitise, poderanse proseguir as actuacións.*

O informe emitido fóra de prazo poderá non ser tido en conta ao adoptar a correspondente resolución.>>

A estos efectos a STS de data 4 de xullo de 2014 en recurso 915/2012 determina << *En cuanto a la virtualidad de un informe que es remitido fuera de plazo -cuestión que se suscita en el motivo de casación cuarto-, tiene razón el Ayuntamiento recurrente cuando señala que la no remisión del informe dentro del plazo señalado permite que prosiga la tramitación del procedimiento, como establece el artículo 83.4 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Pública y del Procedimiento Administrativo Común. Y, en efecto, en nuestra sentencia de 24 de noviembre de 2011 (casación 4883/2008) declarábase, aplicando ese precepto, que " (...) no habiendo sido emitido el informe, la Administración municipal podía proseguir la tramitación del expediente, sin que la ausencia del mencionado informe pueda ser considerada causa de nulidad del Plan General aprobado". Es decir, la falta del informe, habiendo sido éste oportunamente solicitado, no determina la nulidad del instrumento de planeamiento. >>*

E por isto que transcorrido o prazo legalmente establecido sen haberse emitido os informes sectorias solicitados poderase proseguir o procedemento de aprobación do instrumento de medidas provisionais.

No expediente consta informe da arquitecta municipal de data 07.05.2019 e mediante a emisión do presente informe dáse cumprimento ao informe xurídico esixido no artigo 93.seis da LMFAO

CUARTO.- Respecto as modificación do documento respecto a aprobación inicial, a doutrina xurisprudencial sobre a necesidade dunha nova información pública en supostos de introducción de cambios respecto da aprobación inicial é certamente restritiva á hora de considerar cales merecen a cualificación de substanciais: a STS de 19-9-98 exige unha alteración fundamental do modelo territorial elixido; a STS de 27-4-99 fala dunha alteración esencial das liñas e criterios básicos do plan e da súa propia estrutura, e a STS de 13-10-99 dunha alteración do planeamento que o faga aparecer como distinto ou diferente, criterio que reiteran as SSTS de 28-12-05, 20-9-05, 27-4-05 y 26-1-05. A STS de 28 de outubro de 2011, rec. 5311/2007 no seu fundamento quinto "Viene al caso recordar que la modificación "sustancial" es un concepto jurídico indeterminado que ha de acotarse en cada supuesto concreto. Debiendo entender por variación sustancial del planeamiento « *aquella que implica una modificación sustancial del modelo territorial concebido por el Plan. La modificación "sustancial" ha de contemplarse, desde la perspectiva que suministra examinar el Plan en su conjunto. Ello comporta, por regla general, que las modificaciones concretas y específicas del planeamiento, por muy importantes y "sustanciales" que resulten para los propietarios de los terrenos afectados, son irrelevantes desde la perspectiva del Plan, considerado en su conjunto* » (STS 12 de febrero de 1996 dictada en el recurso de casación nº 5736 / 1991).

Neste senso segundo se determina no apartado 9.10.2 da memoria xustificativa do documento e da estimación das alegacións presentadas no prazo de exposición ao público xunto coas correccións derivadas de erros e informes sectoriais non se aprecia, un cambio substancial no documento inicialmente aprobado, nin a adopción dos novos criterios respecto da clasificación, cualificación do solo nin a estrutura xeral e orgánica do territorio (artigo 60.12 da LSG)

QUINTO.- A aprobación definitiva do IOP corresponde ao Pleno da Corporación segundo o disposto no artigo 93.seis) da LMFAO en relación co artigo 123.1 da LRBRU cun quorum de maioría absoluta (14) por analogía deste instrumento de planificación urbanística ao instrumento de planeamento xeral, debendo someterse con carácter previo ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo que opear como Comisión Informativa en materia de urbanismo segundo acordo plenario de data 1.07.2019.

CONCLUSION

Esta Secretaría emítese informe favorable a aprobación definitiva do Instrumento de Ordenación provisional redactado polos técnicos municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo de data sinatura dixital 26.04.2019 facendo constar como requisito inexcusable para o mantemento da súa vixencia segundo o artigo 87. dous da LMFAO a presentación do borrador do novo instrumento de planificación no prazo dun ano, aprobación inicialmente do novo instrumento no prazo de dous anos e aprobación provisionalmente do novo instrumento de ordenación no prazo de tres anos e seis meses a contar dende a data de publicación do acordo de aprobación definitiva do instrumento de ordenación provisional .

Polo exposto sométese ao Pleno do Concello de Vigo, previa fiscalización da intervención e posterior sometemento ao Consello da Xerencia Municipal de Vigo a seguinte PROPOSTA...”

Deseguido a funcionaria informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 17.07.19, o Interventor Xeral emite o seguinte informe:

“Remitida á Intervención Xeral, antes de que se dicte a correspondente resolución, expediente relativo ao asunto referenciado para a realización do control interno de conformidade co previsto no R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, o funcionario que subscribe ten a ben emitir o presente informe.

Carácter do informe de intervención.

O artigo 4 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación nacional, en relación á función de control e fiscalización interna da xestión económica-financeira e orzamentaria e función de contabilidade, sinala:

“1. O control interno da xestión económico-financeira e orzamentaria exercerase nos termos establecidos na normativa que desenvolve o artigo 213 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo e comprenderá:

a) A función interventora.

b) O control financeiro nas modalidades de función de control permanente e a auditoría pública, incluíndose en ambas o control de eficacia (...). O exercicio do control financeiro incluirá, en todo caso, as actuacións de control atribuídas no ordenamento xurídico ao órgano interventor, tales como: (...)

5.º A emisión de informes, ditames e propostas que en materia económico-financeira ou orzamentaria fóronlle solicitadas pola presidencia, por un terzo dos Concelleiros ou Deputados ou cando se trate de materias para as que legalmente se esixa unha maioría especial (...).”.

Tendo en conta que a competencia para a aprobación do instrumento no que se concreten as medidas provisionais de ordenación urbanística, nos municipios de gran poboación, corresponde ao Pleno da Corporación (art. 123.1.i) LRBRL), requiríndose o voto favorable da maioría absoluta legal do número legal de membros da Corporación por mandato do art. 123.2 LRBRL, o presente expediente

atópase sometido a control financeiro pola intervención xeral municipal na súa modalidade de control permanente.

Trátase, polo tanto, dun informe preceptivo.

INFORME:

1. LEXISLACIÓN APLICABLE.

- Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación (no sucesivo, LMFAO 2017), da Xunta de Galicia, publicada no DOG número 28, o xoves 9 de febreiro de 2017.
- Lei 2/2016 do solo de Galicia (en diante LSG).
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante RLSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de racionalización e sustentabilidade da Administración Local (en diante LBRL).

2. NATUREZA XURÍDICA.

As determinacións do documento examinado constitúen o contido normativo do Instrumento de Ordenación Provisional (en diante IOP) de Vigo, elaborado e tramitado de acordo co disposto na LMFAO 2017 e ao abeiro xeral urbanístico da LSG e do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o RLSG, e que ten carácter de norma xurídica vinculante e obrigatoria no ámbito de aplicación que lle é propio.

3. VERIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS PREVIOS ESIXIDOS POLA LEXISLACIÓN APLICABLE.

3.1. Nulidade do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo.

As medidas provisionais de ordenación urbanística establecidas no título IV da LMFAO serán de aplicación, segundo dispón o artigo 84 da mesma, naqueles supostos nos que a declaración de nulidade dun instrumento de planificación urbanística por unha sentenza firme supoña que recobre a vixencia un instrumento de planificación anterior que non responda á realidade urbanística existente no termo municipal, xurdida ao amparo do instrumento anulado.

O Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vigo (PXOM 2008 no sucesivo) foi aprobado definitivamente de forma parcial na data 16.05.2008 pola Conselleira da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (orde publicada no DOG n.º 106, de 03.06.2008 e normativa publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra n.º 151 - suplemento de 06.08.2008) e de forma definitiva completa mediante Orde do Conselleiro da CMATI de 13.07.2009 (orde publicada no DOG n.º 144, de 24.07.2009 e normativa publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra n.º 175, de 10.09.2009), e estivo en vigor entre

aquelas datas e o 10.11. 2015, no que por parte do Tribunal Supremo ditouse sentenza no recurso de casación n.º 1658/2014.

Esta sentenza, e outras varias derivadas dela, que declararon xudicialmente a nulidade do dito instrumento de planeamento xeral e dos seus instrumentos de desenvolvemento e xestión, orixinaron a recuperación da vixencia do planeamento xeral inmediatamente anterior, é dicir o plan xeral coñecido como PXOU 93, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia do día 29 de abril de 1993.

3.2. Tramitación dun novo Plan Xeral.

Conforme ao disposto no artigo 87.1 da LMFAO, o Concello de Vigo iniciou a tramitación dun novo instrumento de planificación (Plan Xeral), e tamén o procedemento de contratación dos servizos técnicos e xurídicos necesarios para a súa redacción, ou encomendou a realización total ou parcial do instrumento aos servizos técnicos municipais, como requisito necesario para aplicar as medidas de ordenación provisional previstas no título IV da LMFAO.

Así, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria do día 16.05.2018, acordou aprobar o expediente de contratación nº 10681/407 denominado “contratación do servizo de redacción do PXOM e actualización cartográfica de Vigo”, aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reguladores do dito contrato, e proceder á apertura do procedemento de dita licitación.

3.3. Estudo previo.

Con carácter previo á adopción dun instrumento de ordenación provisional dos previstos na LMFAO, conforme ao disposto no artigo 88 da mesma realizouse polos servizos técnicos e xurídicos da XMU un estudo específico da situación derivada da anulación do instrumento de ordenación para o ámbito que se pretende ordenar a través dun instrumento provisional.

O citado estudo someteuse a informe urbanístico e ambiental vinculante dos órganos competentes da administración da Comunidade Autónoma e, logo da oportuna tramitación, o Pleno acordou aprobar o estudo previo na sesión do 26 de xullo de 2017.

3.4. Informe ambiental estratéxico.

O 16 de outubro de 2017 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda formula o informe ambiental estratéxico (IAE), no que emite a correspondente resolución, na que resolve non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o Instrumento de ordenación provisional do concello de Vigo, dado que non cabe esperar que se produzan efectos significativos no medio ambiente, procedendo logo a continuación da tramitación coa redacción do documento para a súa aprobación inicial. O IAE foi publicado no DOG nº. 209 de 03.11.2017.

3.5. Aprobación inicial e notificación aos afectados.

O Pleno do Concello de Vigo, na sesión do 18 de xullo de 2018, procedeu á aprobación inicial do IOP. O citado instrumento foi sometido a información pública e notificouse individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados. Ao tempo, solicitáronse das administracións públicas competentes os informes sectoriais e as consultas preceptivos.

3.6. Informes preceptivos.

No expediente consta informe xurídico asinado pola Secretaria da Administración Municipal de data 17 de xullo de 2019 sobre a integridade documental do expediente e as actuacións administrativas realizadas, e informe dos técnicos municipais sobre a calidade técnica da ordenación proxectada e da conformidade da ordenación co disposto na LMFAO.

4. IMPACTO NA FACENDA LOCAL.

Tanto o Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana, como a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do chan de Galicia, e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 do chan de Galicia dispoñen de forma análoga que a documentación dos instrumentos de ordenación das actuacións de transformación urbanística deberá incluír un informe ou memoria de sustentabilidade económica, no que se ponderará o impacto da actuación nas Facendas Públicas afectadas pola implantación e o mantemento das infraestruturas necesarias ou a posta en marcha e a prestación dos servizos resultantes.

Con todo, a LMFAO 2017, que crea a figura do IOP, non precisa con exactitude a documentación necesaria de dito documento nin contén referencia algunha á necesidade de incorporar un informe de sustentabilidade económica. Isto pode deberse a que como o IOP recupera parcialmente a ordenación urbanística dun Plan Xeral anulado para determinadas zonas do término municipal, a sustentabilidade económica pode entenderse subsumida nas conclusións dos informes incorporados na tramitación daquel documento.

De calquera xeito, na páxina 116 da memoria incorporada ao expediente conclúese que o impacto da IOP sobre a Facenda Pública municipal enténdese favorable, xa que os custos de mantemento e conservación dos espazos públicos e a posta en marcha e a prestación dos servizos públicos de competencia municipal resultantes da IOP será inferior ao cálculo aproximado da contía económica dos ingresos municipais derivados da aplicación dos tributos locais.

5. TRAMITACIÓN PARA A APROBACIÓN DA ORDENACIÓN PROVISIONAL.

5.1. Competencia.

A competencia para a aprobación do IOP corresponde ao Pleno do Concello de Vigo, por maioría absoluta do número legal dos seus membros (artigo 123.2 LBRL).

5.2. Entra en vigor e vixencia.

O IOP entrará en vigor, unha vez cumpridos os requisitos dos apartados 2, 3 e 4 do artigo 82 da LSG:

1. Publicación do acordo de aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia.
2. Publicación do documento que conteña a normativa e as ordenanzas no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra.
3. Inscripción do instrumento no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 90.2 da LMFAO, a ordenación provisional, unha vez aprobada, sen prexuízo da posibilidade da súa modificación polos procedementos establecidos na LSG, estará en vigor ata que se substitúa pola prevista no novo instrumento de ordenación para ese ámbito (un novo PXOM) ou, de ser o caso, ata que transcorra calquera dos prazos sinalados no artigo 87 da LMFAO:

- Presentación do borrador do novo PXOM: prazo de 1 ano dende a publicación da aprobación definitiva do instrumento de ordenación provisional.
- Aprobación inicial do novo PXOM: prazo de 2 anos dende a publicación da aprobación definitiva do instrumento de ordenación provisional.
- Aprobación provisional do novo PXOM: prazo de 3 anos e seis meses dende a publicación da aprobación definitiva do instrumento de ordenación provisional.

Transcorrido calquera dos prazos sinalados sen cumprir os trámites previstos, o instrumento de ordenación provisional aprobado esgotará a súa vixencia por ministerio do previsto na LMFAO, e quedará inmediatamente sen efecto.

CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS DO CONTROL FINANCEIRO.

Primeira.- Na tramitación do expediente para a aprobación de medidas provisionais de ordenación urbanística como consecuencia da declaración de nulidade do plan xeral de ordenación urbana de Vigo, tivéronse en conta e cumpríronse os requisitos e condicións establecidos no título IV da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, da Xunta de Galicia, publicada no DOG número 28, de 9 de febreiro de 2017.

Segunda.- No expediente constan os preceptivos informes xurídico e técnico.

Terceira.- Para os efectos de aplicar as medidas de ordenación provisional previstas na LMFAO, a XMU iniciou a tramitación dun novo planeamento sustitutorio do plan anulado, e deberá presentar o borrador do novo instrumento de planificación no prazo dun ano, aprobalo inicialmente no prazo de dous anos e aprobalo provisionalmente no prazo de tres anos e seis meses (prazos contados desde a

data de publicación do acordo de aprobación definitiva do IOP), sendo requisito inescusable o cumprimento destes trámites e prazos para o mantemento da vixencia do IOP, polo que recoméndase extremar o control e seguimento da tramitación do procedemento para a redacción e aprobación do novo Plan a fin de garantir o cumprimento dos anteditos prazos.

En base ao anteriormente exposto, entende esta intervención xeral que pode continuarse coa tramitación do expediente examinado.”

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión extraordinaria e urxente de data 19.07.2019, ditamina favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Hoxe é un momento importante fundamentalmente porque logo da finalización deste Pleno e a aprobación da ordenación provisional por moitas familias que fixeran o seu proxecto vital, que decidiran mercar unha parcela, incluso nalgúns casos que venderan a súa propia vivenda para comprar unha parcela e poder edificar nela, pois viron truncadas as súas expectativas de poder desenvolver ese proxecto vital cando se anulou o Plan Xeral de Ordenación Municipal do ano 2008, gracias a esta iniciativa a partires de hoxe esas persoas, familias, eses cidadáns vigueses van a poder solicitar de novo unha licencia e polo tanto, botar a andar o seu proxecto vital. Esta era fundamentalmente a maior preocupación do goberno municipal, a maior preocupación era que a nulidade do Plan Xeral do ano 2008 non supuxera un grave prexuízo, tanto sobre ás familias como sobre as empresas que quixeran asentarse o seu proxecto vital, empresarial, pular pola actividade económica de Vigo nesta cidade e polo tanto, dende o primeiro momento, dende a anulación do Plan Xeral do ano 2008 comezamos a traballar en primeiro lugar nunha vía soportada legalmente que entendíamos permitía solventar os problemas que xeraba a nulidade do Plan Xeral, resolvendo os problemas que derivaron nesa nulidade, é dicir, a insuficiente motivación dun informe da Xunta de Galicia e utilizamos unha vía, a “Vía Parejo” para intentalo coa de Xunta de Galicia chegar a unha resolución que desafortunadamente foi rexeitada pola Xunta de Galicia e agora pois obviamente estamos aquí con este

punto que é sen lugar a dúbida é un paso decisivo e moi importante para a nosa cidade, dende o primeiro momento o goberno municipal puxo de manifesto entre os cidadáns e as empresas que íamos a utilizar tódalas ferramentas legais para intentar que os proxectos vitais e os proxectos empresariais puideran permanecer ou afincarse en Vigo, significou polo tanto, a aplicación de tódolos instrumentos legais dispoñibles, a Lei 3/2016 para todos aqueles proxectos de interese público e urxentes, como para a ampliación de Citroën no polígono de Balaídos, como para a ampliación do IFEVI que fai posible que Conxemar sega e Vigo ou para esa obra que xa vemos que é a estación intermodal, ese gran proxecto Vialia, que xa botou a andar e que miramos como día a día vai avanzando pero ademais a realización de proxectos sectoriais que hoxe toman forma na ampliación do polígono do PTL ou que vai tomar forma no polígono Balaídos. Ademais de modificacións puntuais do noso planeamento do plan vixente, do plan do 1993, actuación como a do Barrio do Cura, da Panificadora, a necesaria para poder permitir o proxecto de desenvolvemento de Precisgal, etc. e ademais, obviamente a ordenación provisional, unha ordenación provisional que está limitada no seu alcance pola propia lei, é dicir, se pode recuperar parte do planeamento anulado para o solo urbano consolidado ou para o solo urbano non consolidado que xa está moi desenvolvido, é dicir, cun proxecto de urbanización aprobado cun proxecto de compensación aprobado etc., tamén para o solo terciario e para o solo de interese xeral, neste caso para o solo terciario de interese xeral o Concello de Vigo ten iniciada a tramitación de dous proxectos con este mesmo sistema de ordenación provisional que é tanto para Cruceiro como para Recaré, e ademais a revisión do Plan Xeral, revisión do Plan Xeral que se enfrenta a unha nova Lei do solo e a un novo regulamento de desenvolvemento desa Lei do solo, que fai imposible polo tanto, replicar o anulado Plan do ano 2008, non é posible copialo mimeticamente porque a nova Lei do Solo supón substanciais cambios sobre a Lei anteriormente vixente.

Unha revisión do Plan Xeral na que primeiro traballaron exclusivamente os funcionarios da Xerencia de Urbanismo ata que chegou esa nova Lei, ese novo regulamento e cambiou claramente as especificacións que se podían conquistar e que era necesario achegar, e a partires dese momento logo da sinatura dun convenio coa Xunta de Galicia para o financiamento como o resto das cidades de

Galicia do 50% dos custos de financiar o Planeamento, pois se incorporou o equipo redactor do Plan Xeral, un equipo redactor que como ben saben pois ten avanzados eses traballo e que permitirá este ano 2019 comezar a tramitación da avaliación ambiental estratéxica, de tal xeito que este ano se presentará o documento do borrador e documento inicial estratéxico. Como dicía a nosa primeira preocupación era dar saída, dar solución a todos aqueles cidadás e empresas prexudicadas pola nulidade do Plan Xeral de Ordenación Municipal, é dicir, solventar o principal problema que todo aquel que puidera pedir licencia antes da nulidade do Plan Xeral, puidera volver a facelo o antes posible e niso estamos, e estamos cunha iniciativa que ademais ten un alcance importante, tan importante que ocupa ao redor de 23 millóns de metros cadrados do termo municipal de Vigo, un alcance ao que ademais se lle engadimos as outras áreas da cidade que se poden seguir desenvolvendo, ben porque tiñan un Plan Especial xa aprobado e en vigor como o Casco Vello ou Bouzas, ben a zona do ensanche, ben as zonas onde se desenvolveran con planeamento anterior ao do ano 2008, por exemplo, toda a zona da Gran Vía cara a dereita baixando cara as Travesas, todas esas zonas ou o barrio de Coia, xa tiñan planeamento que segue estando vixente, polo tanto se lle engadimos esa outra área da cidade non incorporada na ordenación provisional, estamos a falar de arredor do 40% do termo municipal, claro se falamos do 40% do termo municipal falamos dun volume moi importante do chan susceptible de transformación, porque por poñerlles un exemplo, dentro do solo municipal de Vigo están as Illas Cíes onde ninguén quere construír e os montes de Vigo, polo tanto, neste 40% do termo municipal de Vigo pois obviamente está arredor do 70% do chan susceptible de urbanizar na nosa cidade. Ademais esta ordenación provisional ten un elevado grado de aceptación social, e o ten porque foron notificadas persoalmente, como nunca se fai nun instrumento de Planeamento, porque a Lei así o obrigou a facer unha notificación personalizada a tódolos titulares catastrais desas parcelas afectadas, esas notificacións foron preto de 48.000 familias, esas notificacións só no período de alegacións se recibiron o 0,9% de alegacións sobre as mesmas, 428 alegacións, desas 428 alegacións o 10% foron aceptadas, e a maior parte do resto eran de cidadáns que non estando incluídos na ordenación provisional, desexaban incluírse na mesma, polo tanto, elevado grado de aceptación para este instrumento.

Ademais un instrumento como dicía que ten unha participación, publicidade e comunicación aos cidadás tan alta que ningún instrumento de Planeamento, ningún Plan Xeral fai unha notificación personalizada a tódolos afectados, aquí se publicaron os anuncios axeitados como en todo planeamento e como dicía se comunicaron persoalmente a cada un deses titulares, obviamente os que non se puideron localizar publicáronse no Boletín Oficial do Estado como así marca a lexislación, polo tanto, logo de finalizar este Pleno pois e con independencia de que a ordenación provisional entrará en vigor 15 días logo da súa publicación, eu o que si me gustaría trasladar aos cidadáns de Vigo que a partires deste momento, dado que os servizos municipais da Xerencia de Urbanismo son plenamente conscientes da vixencia deste instrumento máis alá do día formal en que entre en vigor poden volver a achegar ao Concello de Vigo, á Xerencia de Urbanismo os seus proxectos, eses proxectos que en moitas ocasións xa estaban redactados, neses proxectos que estaban pendentes dalgún trámite, pois eses trámites hai que finalizalos e polo tanto poden achegarse a presentar a súa solicitude de licencia de novo para esas zonas afectadas, o noso obxectivo fundamental para todos aqueles que sexan beneficiarios do Plan pero para tódolos cidadáns de Vigo e o conseguimos con esta ordenación provisional, e que todo aquel que puidera solicitar unha licencia de construción, obra nova, reforma, rehabilitación, antes da nulidade do Plan do ano 2008 poida volver a facelo a partires de hoxe, de tal xeito polo tanto, que nos queda unha parte do termo municipal por ordenar, non cabe dúbida e os novos desenvolvementos urbanísticos dos que xa falaremos pero todos aqueles que podían solicitar licencia antes da nulidade do Plan poidan volver a facelo a partires do hoxe, e para iso solicitamos o apoio do resto dos grupos deste Concello.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Comezar lamentando a decisión da Presidencia de recortar nun 70% o tempo de intervención do Bloque Nacionalista Galego en relación ao tempo que van a gozar o resto de grupos. Case catro anos despois da anulación do Plan Xeral de Ordenación Municipal o Partido Popular e o Partido Socialista traen a este Pleno coa súa anuencia e co seu acordo fáctico, un parche no que é esta proposta de instrumento de ordenación provisional que dende o Bloque Nacionalista Galego entendemos é unha trampa urbanística por dous motivos fundamentais, en primeiro lugar, porque cerne nun incremento importante en

seguridade xurídica derivado dos defectos que xa se teñen detectado no proceso de notificación e polo tanto, conculcaron ou puideron conculcar o dereito legal a alegar máis tamén sobre todo sume na incerteza urbanística á cidade por unha razón fundamental que son os prazos que condicionan a vixencia deste instrumento provisional, pois como ben saben é dun ano para a presentación dun borrador do Plan Xeral e ata os tres anos e medio para a aprobación provisional, prazos que son imposibles pero non é que o diga o Bloque Nacionalista Galego é que o dixo o propio Xerente de Urbanismo nun acto público o pasado mes de novembro, incumprir eses prazos imposibles en opinión do propio Xerente de Urbanismo vai a abocar a que quede sen efecto esta ordenación provisional e nos retomaríase polo tanto, nos volvería a colocar no punto de inicio que é o PXOM do 1993 que neste momentos estase a aplicar.

Máis sobre todo o problema é que a ordenación provisional non incida en resolver o problema de fondo que é a necesidade que de Vigo ten que dotarse si ou si dun novo PXOM de consenso, co máximo consenso social, veciñal e político e por iso nós esiximos que haxa máxima participación e transparencia no seu proceso de elaboración que é algo que non está a haber, todo o contrario, aprendamos da experiencia do Plan Xeral anulado, un Plan Xeral que non foi tumbado só por un defecto na tramitación administrativa senón que foi tumbado fundamentalmente porque non fomos colectivamente capaces de atinxir un consenso de cidade, e iso que levou finalmente a que unha das reclamacións presentadas nos acabase inhabilitando o instrumento de Planificación.

Para o Bloque Nacionalista Galego a situación que se abriu nos anos de anulación do Plan Xeral, xeraba un claro problema urbanístico na cidade pero é unha oportunidade política, unha oportunidade para a cidade de dotarnos dun novo Plan Xeral que permita planificar o desenvolvemento da cidade, que permita colocar ao urbanismo ao servizo da veciñanza e da cidade e non de especulación dende logo aplicando criterios como o racionalizar as previsións de desenvolvemento urbanístico, apostando por unha cidade máis habitable cunha maior reserva de solo dotacional e dende logo unha aposta comprometida por un Vigo máis sustentable, aumentando decididamente a protección ambiental do noso monte en man común e tamén da nosa faixa litoral.

SR. PRESIDENCIA: Simplemente dicírlle que eu aplico o regulamento e o que a secretaria propón.

SR. PÉREZ CORREA: Eu súpome á felicitación da mesa feminizada e ademais creo que é importante en tempos de políticas de testosterona masculina como o que estamos a vivir no Congreso dos Deputados nestes días, e creo que tamén cun debate destas características debería tódolos grupos ter cando menos o mesmo tempo incluso tempo ilimitado dentro obviamente da autocontención porque o que estamos a discutir e aí coincido co expresado pola concelleira de Urbanismo, estamos a discutir unha cuestión absolutamente central para o futuro da cidade. O relato está ben, se nos pode dicir que o que hai aquí enriba da mesa pois é unha especie de ONG urbanística para axudar as familias que quedaron atrapadas na ilegalización e na caída do Plan Xeral do 2008, que caeu no novembro de 2015, pero aquí hai moito máis, porque ademais eu quero lembrar que foi neste Pleno no que se nos dixo que esa situación das familias que quedaron atrapadas na ilegalización do Plan Xeral pois eran apenas 80 familias e que o resto foran solucionados a través de determinadas decisións que se tomaron aquí, se tomou a decisión primeiro, de eliminar os cupos nas parroquias, nos estábamos de acordo, unha eliminación dese cupos que se arrastraban e que estaban amplamente superados pola rede urbanística que tamén se solucionaba cunha instrución remitida á Xerencia de Urbanismo que dicía que aquelas familias, que aquelas persoas que presentaran o proxecto urbanístico non en tanto da eliminación e da anulación do Plan Xeral e se non tiñan unha resposta por parte da administración se entendería como silencio administrativo positivo e polo tanto poderían levar adiante os seus proxectos urbanísticos persoais e logo tamén porque se dicía que eran casos absolutamente illados, agora parece que todos eses casos illados son os que sustentan que o Partido Popular e o Partido Socialista porque aquí hai unha alianza urbanística que se expresou ao día seguinte ao de anularse o Plan Xeral, novembro de 2015, que esa alianza urbanística é exclusivamente para unha cuestión de salvar familias, non, aquí hai moito máis, e aquí hai cuestións que nós queremos poñer enriba da mesa, en primeiro lugar, porque o que sustenta isto é a enésima utilización dunha lei ómnibus, dunha lei de acompañamento duns orzamentos que tanto pode regular as taxas hidráulicas, que tanto pode regular

cuestións que teñen que ver por exemplo cos xogos de azar, que tanto pode regular cuestións que teñen que ver incluso nalgunhas ocasións con cousas tan curiosas como os drons que nalgún momento o goberno do Estado utilizou este tipo de leis para legalizar, pois onde non existía regulación pero aquí a Xunta de Galicia decide meter a calzador unha lei para legalizar o solo urbano consolidado naqueles concellos que tiñan anulado o Planeamento, ó día despois de que se anula o Plan Xeral de Vigo dende a falla de colaboración da Xunta de Galicia co Concello de Vigo, o día despois xa estaban aliñados perfectamente o presidente da Xunta de Galicia o Sr. Feijóo e o Alcalde de Vigo para sacar adiante as vergoñas colectivas, porque a responsabilidade do Plan Xeral ten moitos pais e había que salvar como “salvar ao soldado Ryan”, pois había que salvar a determinados compromisos que se puxeron enriba da mesa e tamén para nós é curioso escoitar a literalidade por parte da concelleira a Sra. Caride de que efectivamente non se pode replicar o Plan Xeral do 2008 porque cando nós discutíamos que o informe “Parejo” era unha autentica “jaimitada” que o único que fixo foi gastar cartos, que era un auténtico gasto innecesario porque so calquera persoa con ler unha lei sabía que o Plan Xeral do 2008 legalizado cunha nova lei do solo e cun regulamento que se aprobara, si está aprobado o regulamento no 2016 e vostedes aquí seguían dicindo que o informe “Parejo” se sostiña, á Lei do solo de Galicia que levaba dous anos en trámite, si dous anos e o regulamento se aproba xusto dous días antes das eleccións autonómicas de 2016, todo o mundo sabíamos naquela altura que había unha nova lei do solo que aínda que o último trámite que era o regulamento se prolongara máis alá dun ano era evidente que o encaixe ía ser diferente porque ademais o regulamente incorporaba unha serie de leis xerais entre elas aquelas que tiñan que ver co cálculo de vivenda que vostedes ademais quixeron obviar e dende aquela improvisación tras improvisación porque ademais o que estamos a legalizar aquí, é solo urbano consolidado pero onde xa está practicamente, onde viven os vigueses/as, aí é onde non está a chicha ou onde non están as solucións para as familias viguesas, as solucións para as familias viguesas serán en saber se van a seguir atrapados durante 20 ou 30 anos máis nos antigos PERIs que vostedes van incorporando aos seguintes planeamentos sen darlle ningunha solución, a maior parte do problema do urbanismo vigués é ese urbanismo capturado que teñen moitas familias e que isto non resolve, porque o

único que resolve aquí pois é como digo onde viven as viguesas/es e ademais cunha curiosa intencionalidade, non, é que o solo urbano consolidado é o que ten tódolos servizos, e a maior parte da xente que vive atrapada en PERIs ten todos os servizos e segue sendo clasificado como solo urbano non consolidado por unha cuestión de que logo as expropiacións sexan máis fáciles. Ese é o debate que ten que acometer este Concello e entre o ano 2015 e o ano 2019 xa imos para 4 anos e claro que había que esperar á aprobación do regulamento da Lei do solo, claro que había que saber cales ían a ser directrices coas que podíamos redactar o novo Plan Xeral, pero había unha que xa tiñamos todos claro, que volver a incorporar o stock de vivenda, de edificabilidade, desaparición da superficie rústica de Vigo que contiña o Plan Xeral do 2008 era imposible, por unha cuestión, e ademais vostedes aquí no propio informe que sustenta a incorporación de Vigo, a ordenación provisional di que “maillo escaso grao de execución que se puido observar nos anos 2008-2015” pero aínda así o Concello de Vigo incorpora un informe cando se aproba o Regulamento da Lei do solo, fai unhas recomendacións á Xunta de Galicia dicindo que Vigo, iso de que ese cálculo que hai que facer polo regulamento e que di que Vigo pois ao mellor non necesita máis de 2.000 ou 3.000 vivendas dentro dun planeamento de 16 anos, vostedes meten un informe dicindo que Vigo que recuperar as altas edificabilidades que había no 2008 e son recomendacións que fai o Concello de Vigo á Xunta de Galicia dicindo “deixádenos meter os pasteis que temos repartidos, deixádenos meter as guindas, deixádemos meter todo isto porque nós non podemos facer un Plan Xeral que sexa real á necesidade da cidade”, e vostedes agora teñen que redimensionar edificabilidades e determinadas cuestións que estaban no Plan do 2008 e que non teñen encaixe porque hai un Regulamento que di que hai que ver o número de vivendas baleiras, que hai que ver o tamaño medio das vivendas e con todo isto non van a saír a 113.000 vivendas que propuxeron no desenvolvemento a 25 anos do Plan Xeral do 2008, afortunadamente agora os plans xerais se teñen que redimensionar a 16 anos e esa é a pregunta que nós queremos resolver, isto non resolve o urbanismo de Vigo, non resolve as dotacións, non resolve infraestruturas que por certo non están mortas porque vostedes deron documentación ás empresas que queren redactar o Plan Xeral na que volven a poñer un estudio de viabilidade da Ronda de Vigo e volven a dicir que é necesario poñer esa infraestructura enriba da mesa, e

ademais é curioso, os vigueses non saben o que están aprobando aquí, a nós nos preguntan se isto é un Plan Xeral, vostedes gastan moitos cartos en publicidade institucional, non pasaba nada por dúas páxinas na prensa explicando que é a ordenación provisional, que non teñan que preguntarnos á oposición que é a ordenación provisional porque ademais a notificación, ademais de coincidir co expresado polo Bloque Nacionalista Galego, nós seguimos pensando que a notificación foi cando menos discutible, na mesa de contratación da empresa que ía facer as notificacións tanto nós como o Partido Popular lle dixemos como se vai a notificar a todo o mundo coa mesma carta, o lóxico sería que na notificación o titular catastral levara a referencia catastral e puidera identificar cal das súas propiedades catastrais era a que quedaba afectada pola ordenación provisional, no caso de moitas familias no rural, polo sistema de reparto de herdanzas ao mellor teñen 20 referencia catastrais ou 15 ou 10 e teñen que vir aquí consultar cal é a referencia catastral e aínda hai xente que pensa que a súa carta legalizou unha referencia catastral que non está dentro da ordenación provisional, eu creo que non é dende logo un bo inicio para como imos a abordar os traballos de redacción do novo Plan Xeral que nós dicimos discutibles, e claro que o Plan do 1993 está completamente desfasado pero ben que vostedes utilizaron as modificacións puntuais do Plan do 1993 para sacar adiante determinados ámbitos, ben que se están a dar licencias para edificar no rural aproveitando ese baleiro entre o ano 1993 e a ausencia de referencia do ano 2008, por exemplo calquera persoa que vaia ao sur da parroquia de Beade verá edificacións que se están facendo rápido para aproveitar o encaixe que lle da o do 1993 e non lle daba o do 2008, que queremos nós? Pois primeiro, non discutir aquí en tres ou dez minutos estas cuestións, non discutilos nos dez minutos que duran as Xerencias de Urbanismo, se nos queren explicar o que queren facer, fagamos unha comisión de planeamento como teñen tódolos concellos civilizados, que traballa semanalmente, que emite informes e que pon enriba da mesa traballos de maneira colectiva que logo se poden trasladar á cidadanía, nós imos seguir votando en contra disto e cremos ademais e temos constancia de que vai haber tamén procesos xudiciais contra a ordenación provisional, porque hai concellos que xa o aprobaron o está en trámite case inmediato como o Concello de Verín que xa os ten enriba da mesa e nós o

que queremos é seguridade xurídica que fallou no 1998 e que polo que vemos tamén falla aquí.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Estamos aquí hoxe para recompoñer en parte os anacos dun desastre, estamos aquí para poñer fin en parte á parálise dunha cidade na que xa levamos 13 largos anos de parálise. Anulouse o PXOM en novembro do 2015, si pero o Plan do 2008, o Plan do Sr. Abel Caballero non se anulou porque fallaron papeis, ou por un trámite inocuo, non, aprobouse porque se atrasou inxustamente a súa aprobación e ese atraso na aprobación pola Xunta de Galicia do Plan Xeral débese única e exclusivamente a un interese electoralista e o responsable é o Sr. Abel Caballero, Vigo contaba cun Plan elaborado por un goberno do Partido Popular, pactado, consensuado con outras forzas políticas, o Partido Galleguista e o Bloque Nacionalista Galego por exemplo, con consenso veciñal, con consenso empresarial, social e veciñal, hai que dicilo máis neste Pleno, consenso social, veciñal e político, nunca antes se fixera un esforzo semellante para aunar vontades e sumar acordos e dende entón no que é sumar vontades e aunar acordos pois xa sabemos o que pasou, ese plan que foi aprobado provisionalmente aquí, foi remitido á Xunta de Galicia para a súa aprobación e o goberno dese momento ignorou a vontade de Vigo, negouse a aprobar definitivamente o Plan Xeral e con iso para non dar unha baza electoral ao Partido Popular e prexudicalo, para intentar favorecer ao entón candidato á Alcaldía, atrasouse, iso é o que pasou aquí, é un interese electoral, había unha vontade política de atrasar a aprobación do Plan, que fora aprobado e pasaron 13 anos dende entón, hoxe xa sabemos efectivamente que se o Sr. Abel Caballero quixera o Plan Xeral se houbera aprobado, se o Sr. Caballero quixera o Plan Xeral houberase aprobado, entón ao mellor non o sabíamos pero agora xa o sabemos, hoxe sabemos que o Partido Socialista que gobernaba entón a Xunta de Galicia houbera aprobado o que o Sr. Abel Caballero quixera e cando quixo o Sr. Caballero aprobouse o Plan Xeral, en abril de 2008, só que pasaron dous anos e claro fallaba a avaliación ambiental e por que fallaba? Porque era innecesaria, porque era urxente a súa aprobación e o Tribunal Supremo dixo “pero como vai a ser urxente a aprobación dun Plan Xeral que leva dous anos na Xunta de Galicia indo e vindo entre o Concello e a Xunta de Galicia” non pode ser, e iso é o que pasou aquí, por

iso anulouse o Plan Xeral porque se aprobou cando o Sr. Caballero quixo, dous anos despois de terllo remitido.

Balance de situación? Chega o Sr. Abel Caballero á Alcaldía, se atopa cun Plan Xeral, claro non pode aprobar o que aprobou a Sra. Porro e o Bloque Nacionalista Galego, e di “imos meter aquí vivenda protexida, imos meter miles de vivendas protexidas, imos facer miles de vivendas protexidas en Vigo, imos alterar as porcentaxes de vivenda protexida do Plan”, efectivamente, moita vivenda protexida nalgúns ámbitos máis e noutros menos e agora nun días veremos efectivamente as consecuencias diso no ámbito de Cruceiro por exemplo, que pasou con esa vivenda protexida e por iso o Partido Popular votou en contra entón e dixo “non isto non pode ser” nese momento non podíamos aprobar iso porque se rompería o consenso por iso non lle demos a nosa aprobación ao Plan Xeral do Sr. Caballero a Xunta de Galicia si, a Xunta de Galicia socialista en canto o Sr. Caballero quixo aprobouna e como digo dous anos despois de terse remitido polo Concello.

En definitiva, balance de situación, cantas vivendas protexidas se fixeron ao amparo do Plan Xeral da vivenda protexida do Sr. Abel Caballero, ningunha, durante os 7 anos de vixencia do Plan, ningunha, que pasou nin vivenda protexida nin Plan Xeral, nin unha cousa nin a outra, 13 anos despois de que o goberno do Partido Popular consensuase un Plan Xeral con outros partidos políticos, co movemento veciñal, asociacións, empresarios, nos atopamos con que? Con que vimos aquí cunha ordenación provisional en solo urbano consolidado e solo de núcleo rural, que é solo urbano consolidado e solo de núcleo rural? O do Plan Xeral do 2006, si é o mesmo, imos aprobar aquí o mesmo, o mesmo solo urbano, como non pode afectar á ordenación provisional aos ámbitos de desenvolvemento, non pode, imos co solo urbano consolidado e o solo de núcleo rural que se delimitou no ano 2006 igual que se pode delimitar porque é tan sinxelo como dicir é a cidade que é, non é a cidade que queremos ser, é a que é, o solo urbano que é, o real, o de feito, o que xa está urbanizado, no que os vigueses/as xa fixeron o esforzo e xa se gastaron os cartos e xa urbanizaron as súas parcelas, é o Plan Xeral que é e é o que era no 2006, nin máis nin menos, 13 anos despois estamos na casilla de saída, perdemos 13 anos, moitos proxectos vitais, si dende logo caéronse e máis cousas, miles de empregos na construción, en Galicia hai 75.000 empregos na construción,

3 veces máis dos que hai na automoción que hai 24.000, o dobre dos que hai no naval 39.000, cantos deses afiliados, cantas desas familias que traballan na construción das 75.000 que hai en Galicia hai en Vigo traballando na construción? 5.000 de 75.000, cantas hai na cidade de A Coruña? E iso que tivo un goberno que non se caracterizou precisamente por dar moitas licencias, o dobre, a cidade de A Coruña ten o dobre de persoas traballando no sector da construción que en Vigo e en Vigo non me equivocarei moito se a maior parte desas 5.000 persoas traballan precisamente na obra pública e non na obra privada, na obra pública como a Cidade da Xustiza. Estamos perdendo o tren da recuperación económica, si señor concelleiro, Galicia leva 4 anos crescendo e en Vigo a construción non remonta, non é verdade, estamos a perder unha oportunidade como cidade, non só de crer a cidade que cremos senón ademais de ter empregos nun dos sectores máis intensivos en man de obra, 13 anos despois por culpa do Sr. Abel Caballero. Que diferenza hai agora despois de 13 anos? Que agora a Xunta de Galicia efectivamente ven a resolver un problema, a parálise, cuns instrumentos legais que se crean efectivamente para que se poidan facer proxectos públicos e proxectos privados, si, pero é a Xunta de Galicia do Partido Popular non lle da as costas a Vigo, non, agora xa non. Este instrumento de ordenación provisional existe porque hai un goberno na Xunta de Galicia que aprobou un instrumento para isto, punto, non é ningunha alianza, non, a alianza é coa cidade, cos veciños/as, non é co goberno, a alianza é porque está Vigo por enriba de todo. Pode haber un Plan Xeral porque hai uns instrumentos legais para facelo e tamén porque hai unha subvención de dous millóns de euros para redactalo, haberá que poñelo en marcha e comezar a facelo porque agoraponse en marcha o cronómetro. Este goberno, o goberno dos 20 concelleiros, este goberno ten un ano para presentar o borrador do PXOM, ten dous anos aprobar inicialmente ese PXOM e temos tres anos e medio para aprobalo definitivamente e se non cumprimos con eses prazos vai caerse a ordenación provisional. Nós non imos boicotear isto, como fixo o Partido Socialista no ano 2006, non, nós si imos aprobar, imos axudar a aprobación definitiva deste instrumento de ordenación provisional non o imos boicotear porque é un paso importante porque elimina incertidumes, porque proporciona seguridade xurídica, porque nos saca dunha situación difícil derivada da anulación do Plan do 2008, farémolo tamén porque o que se trae aquí é o solo

urbano consolidado e solo de núcleo rural que se aprobou por este Pleno en marzo de 2006, nun goberno popular con consenso, daremos o noso apoio a esta ordenación provisional porque tamén é un instrumento que puxo a Xunta de Galicia a disposición do Concello mentres se elabore o Plan Xeral pero sobre todo imos a votar a favor porque nós poñemos a Vigo e aos cidadáns/ás por enriba de calquera outro interese e esta aprobación é boa para a cidade, por iso votaremos a favor.

SR. LÓPEZ FONT: Creo que debemos comezar pola parte positiva despois de escoitar tanto discurso catastrofista e hai que comezar, dicíano a Tenente de Alcalde e concelleira de Urbanismo porque hoxe é un gran día para Vigo e cando chegamos a un gran día como o de hoxe era un día esperado por moitos veciños/as desta cidade e hoxe é un deses días nos que un sente que un goberno como o desta cidade serve para cambiar a vida dos cidadáns como forma de darlle resposta as súas necesidades, necesidades que ademais direi que cando se anulou o Plan Xeral todos vostedes que interviñeron a prioridade era os veciños, solucionarlle os problemas nos que se ían ver inmersos os veciños e parece ser que hoxe é todo o contrario despois de determinados relatos.

A verdade é que seguen sen entender a esta cidade, porque ese proxecto conxunto que se manifestou o 26 de maio vostedes aínda non o entenderon, e hoxe aquí estamos para dar solucións e poden estar satisfeitos aqueles aos que lles afecta directamente a decisión que hoxe imos tomar, pero tamén están satisfeitos aqueles que non sendo directamente participes e beneficiarios do que imos a adoptar, tamén se senten orgullosos de que adoptemos unha decisión de cidade, este é o concepto que hoxe se vive en Vigo, isto é o que se manifestou o 26 de maio, aprobamos unha medida en materia de urbanismo que permite, eu non me vou a estender, o que manifestaba a concelleira pero que é evidente que recupera para empresas e para particulares, dar resposta a construción familiar pero tamén ao tecido productivo das empresas e cando se da o dato de que un 38% da cidade con 43 millóns de metros cadrados vai poder ser resolto, creo que é un dato que se debe de ter moi en conta. E aquí sobre a garantía xurídica todos opinan, todos ditaminan previamente pero creo que todos vostedes se llo deberían facer ver un pouco mellor para darse conta da garantía xurídica que esta lei do

Parlamento de Galicia achega a esta situación urbanística porque restituíndo aos que tiñan antes do PXOM do 2008 e se fai nun tempo record, non en vano somos os primeiros de Galicia, dáse como digo solución, direi algo que parece obvio pero que parece que algúns non entenderon, esta Lei é para Vigo pero tamén é que toda Galicia.

Ben, fronte a esta gran noticia que é unha gran noticia e que seguro que así a van a ver e vana a entender as viguesas/es pois sorprende as negativas do Bloque Nacionalista Galego e de Marea de Vigo, sorprende o que se diga que é un parche, que é unha trampa urbanística, este linguaxe en relación co que sempre se manifesta pero miren, ao Bloque Nacionalista Galego lle teño que dicir que as formacións políticas temos historia e ao Bloque Nacionalista Galego se lle identifica nesta cidade co Plan Xeral do 2008, vostedes non o dixon, o voceiro do Partido Popular xa llo lembrou. Polo tanto, sorprende a negativa a que solucionemos problemas aos cidadáns, estamos en desacordo, dígase a que se salve parte dese Plan Xeral do 2008 que vostedes votaron e que proviña dun Plan Xeral pactado co Partido Popular, pois certamente sorprende. O que pasa é que cando se fala de consensos hai que buscalos e hai que facelos efectivos e o que é evidente é que a posición manifestada hoxe polo Bloque Nacionalista Galego é de obstaculización.

O relato de Marea de Vigo é un relato de legalidade, eu imaxino que contestará con todo luxo de detalles a concelleira de Urbanismo pero volvemos e a esta linguaxe de alianza urbanística, de vergoñas colectivas e demais, miren, nós no afastado xuño do 2007 vimos aquí para gobernar e para que solucionaran os problemas desta cidade e pola incapacidade por facer outro Plan Xeral diferente ao que estaba redactado, asumimos ese Plan con algo moi importante do que hoxe nos sentimos máis orgullosos que nunca, e era cunha porcentaxe de vivenda de protección oficial case ao 50% e esa era a nosa siña de identidade e ese foi precisamente o que fixemos e o que levamos adiante, polo tanto, creo que cando se propoñen comisións de planeamento polas notas que aquí tomei, se non se atende de forma detallada ao que se di na Xerencia de Urbanismo por moitas outras comisións que se poidamos crear, creo que a solución non vai a ser, creo que nas xerencias de urbanismo se detallou e creo que de forma moi pedagóxica por parte da concelleira de Urbanismo o que certamente se estaba a facer. Polo tanto, a pregunta, vostedes opuxeron á ampliación de Citroën poñendo en xogo o

emprego, pero logo dicimos outras cousas, vostedes se opoñen absolutamente a todo pero nós aquí estamos para gobernar e voume a deter expresamente no Partido Popular. A verdade é que mire Sr. Marnotes, se veñen presumindo de salvadores, este si que é un concepto totalmente erróneo, a Xunta de Galicia boicoteou o desenvolvemento urbanístico desta cidade de Vigo porque non aceptou a vía Parejo, e cando todos falan de legalidade e cando todos falan de conceptos xurídicos conviría que aceptaran esa vía Parejo, pero tamén obstaculizaron o desenvolvemento urbanístico desta cidade porque durante un ano fixeron torpedeando o financiamento do Plan Xeral, que corresponde ao 50% como en tódolos plans de Galicia o que pasa é que algo moito máis grave e vostede delatouse, cando di que isto se solucionou grazas ao goberno da Xunta de Galicia e do Partido Popular, ese é problema, a utilización perversa das institucións, ese é o problema de que vostedes cren e o Sr. Feijóo que cando se adopta unha decisión que pode ser boa para esta cidade nos están a regalar algo e están totalmente confundidos, esta cidade ten voz propia e o problema é que vostedes non teñen voz propia, o problema é que o discurso que acaba de facer vostede, o primeiro discurso no Pleno deste mandato é idéntico ao de hai 4 anos, e a señora que está ao seu carón, a Sra. Egerique xa ditaminou que habían seguido moi mal camiño nos catro anos anteriores, polo tanto ese discurso leva moi mal camiño, home, que vostede veña aquí a facer demagogia con cifras de caída do emprego, na construción e que pareza que Vigo é unha cuestión diferente a Murcia, a Alacante, Valencia, a non sei cantos sitios, certamente produce absolutamente sonroxo pero mire, esta cidade hoxe está na absoluta singularidade. Mire, Sr. Marnotes, hai catro anos dous meses e un día, o 23 de maio do 2015 vostedes tiñan 13 concelleiros, hoxe teñen o 30% do que tiñan só hai catro anos e sabe por que hoxe só lle acompañan tres compañeiros e vostede? Precisamente por discursos como o que vostede acaba de facer, precisamente por discursos en contra desta cidade, en contra do desenvolvemento desta cidade e llo advertíramos e así lles vai, pero miren, vostedes con tal de salvar ao Sr. Feijóo fan o que faga falla, hoxe designaron un comando xestora dopado con cargos públicos e con soldos público, aquí temos un exército de salvación do Partido Popular que estamos pagando tódolos galegos e deberían sentir vostedes absoluta vergoña, por iso, porque se utilizan as institucións con fines partidistas vostedes están hoxe en catro concelleiros, o maior

rasgo de xenerosidade política o deu o Sr. Abel Caballero a noite do 26 de maio, cun triunfo do 67%, dixo que era o triunfo de toda a cidade, o que aprobamos hoxe é o triunfo de toda a cidade.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Eu a verdade é que ei de recoñecer que non entendía moi ben que significaba isto de o concelleiro non adscrito, ata hoxe, porque acabo de entender que vostede realmente é un concelleiro non adscrito ao Bloque Nacionalista Galego porque acaba de facer unha emenda á totalidade da acción do Bloque Nacionalista Galego antes de que chegara a este Concello, porque claro veu vostede a dicir que o Plan do ano 2008 pois era un desastre, é que francamente sorprendente, eu creo que hai que ter claro que os prazos de tramitación do novo Plan Xeral claramente son moi axustados, claramente sono, grazas a que levamos a traballar tempo anterior estes tres anos e medio que quedan por diante van a permitir rematar ese traballo pero eu só expoño un exemplo, dende que se aprobou esta lei ata hoxe pasaron 29 meses, deses 29 meses o Concello de Vigo dado que inmediatamente comezou a traballar na tramitación desta ordenación provisional, canto realmente son imputables ao traballo da Xerencia de Urbanismo, aos funcionarios, que son quen fixeron este documento, seis meses, o resto son consecución de informes, polo tanto, dado que existen 23 meses sumados para conseguir informes, claro que é un tempo moi longo, claro que si, e polo tanto para poder cumprir eses obxectivos obviamente temos que axilizar o procedemento, por iso xa temos traballo adiantado e por iso este ano 2019 presentaremos o documento de borrador e documento inicial estratéxico.

Mire, se me permite, eu, sinceramente, non entendo ben ao representante de Marea de Vigo, non o entendo, vostede que quere? Condenar a cidadáns que hoxe están por exemplo na Seara a que toda a vida pasen por esa ruína, a que todo ese solo que está nas traseiras dos edificios non se poida desenvolver nunca, eu sinceramente non comparto ese modelo e de novo lle digo, vostede o sabe perfectamente o que pasa que intenta facer aquí un exercicio de cinismo, certamente, porque vostede sabe perfectamente que a Lei do solo non é de aplicación a aqueles concellos que estean tramitando o seu Planeamento, a nova Lei do solo, porque a restitución dos feitos no momento que se produciron, claro

que si, a vía Parejo era perfectamente legal e o Partido Popular negouse a esa vía, ah pero agora chega o Partido Popular e di, pero que solo fan vostedes o solo urbano consolidado, claro, o que nos deixa a lei, é dicir, esa lei que tramitou o Partido Popular, que aprobou a súa imaxe e semellanza o Partido Popular, agora nos din que só o podemos facer para un tipo de solo, que pasaría, porque fíxese vostede, vostede fala de que o anterior Plan cando o Partido Popular no ano 2006 estaba a tramitar un documento tiña unha elevado consenso, 60.000 alegacións, ou sexa o Planeamento que tivo o maior volume de alegacións de tódolos concellos galegos, 60.000 eran consenso, pero non tiña vivenda protexida, incorporouse a vivenda protexida entón todo foi un desastre e votaron en contra porque obviamente algunha conta dalgún coletazo que non saía, senón votarían a favor, e que pasa? Que o Partido Popular segue instalado no mesmo, por iso non nos deixou tramitar na Ordenación Provisional tamén os planeamentos pendentes de desenvolvemento? Era por iso? Porque tiñan vivenda protexida e que ten delito, a verdade é que o seu argumento caese.

Mire, nós queremos solucionar coa ordenación provisional moitos ámbitos desta cidade, poderán resolverse moitos ámbitos que teñen problemas claros de legalidade dende hai décadas, o Piricoto, construír vivendas unifamiliares en tódalas parroquias de Vigo, iniciar a recuperación da contorna degradado de Jacinto Benavente, construír edificación colectiva en moitos ámbitos como Esturáns, Tomás Paredes, etc., mellorar as dotacións públicas como en Balaídos, ou no pavillón das Travesas, mellorar o solo produtivo e terciario, claro iso é o que queremos con esta ordenación provisional e para iso traballamos.

Permitídemme que remate dando as grazas, as grazas a todos aqueles que traballaron neste instrumento, fundamentalmente aos traballadores da Xerencia de Urbanismo, tamén aos de Rexistro e Información que atenderon a eses 48.000 familias que chegaban a buscar información pero sobre todo aos vigueses, porque os vigueses/as entenderon perfectamente que este goberno traballa para construír esta cidade e froito dese apoio e dese agradecemento meu polo apoio prestado a esta candidatura e polo tanto a este partido e un apoio sen precedentes que tamén está baseado na confianza que teñen en que esta situación se resolva favorablemente como hoxe estamos a conseguir.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do Presidente e da 1ª Tenente de Alcalde)

VOTACIÓN: Con vinteun votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Expinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, e tres votos en contra dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- ESTIMAR as alegacións co número de documento: 180156975, 180156976, 180161813, 180161989, 180164133, 180164728, 180165479, 180165644, 180165695, 180165764, 180165870, 180166510, 180167195, 180175975, 180181735, 180182569, 180184209, 180184866, 180185889, 180186453, 180193982, 180196738, 180197818, 180198742, 180199173, 180199337, 180200544, 180201200, 180202491, 190000224, 190003273, 190005142, 190005212, 190007578, 190007938, 190010117, 190018527, 190039010, ESTIMAR PARCIALMENTE as alegacións co número de documento 180165026, 180165068, 180187523, 180190412, 180198116, 190026973, e DESESTIMAR o resto segundo o informe sobre a alegacións presentadas durante o período de exposición ao público (anexo 6 do Instrumento de Ordenación Provisional).

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente o Instrumento de Ordenación Provisional redactado polos técnicos municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo de data sinatura dixital 26.04.2019.

TERCEIRO.- Publicar o presente acordo de aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia no prazo dun mes.

CUARTO.- Publicar a normativa e ordenanzas do IOP no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

QUINTO.- Levantar a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelamento, edificación e demolición nos ámbitos do territorio nos que as novas determinacións supuxesen a modificación da ordenación urbanística vixente, nos termos previstos na lexislación vixente e de acordo co reflectido no resumo executivo incorporado ao instrumento de ordenación provisional inicialmente aprobado.

SEXTO.- Contra este acordo cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo dispoñen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás dez horas e dous minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.